



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## **ACTA Nº 2019/11**

### **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**- CASA DO CONCELLO, VENRES 27 DE SETEMBRO DE 2019 -**

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

MANUEL CARAMES LOPEZ

OLALLA BENLLOCH LEMA

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

TANIA ROMERO GARCIA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

**AUSENCIAS:**

PSOE

MONICA VILELA VILELA

**SECRETARIA/ACCTAL: M. CARMEN BARCIA FERNANDEZ**

**O Sr. Alcalde, antes do inicio da Sesión comenza dicindo que se vai gravar o pleno por unha persoa do público, e que vai deixar que se grave xa que non quere que se convirta en un circo o pleno.**

A continuación pásase aos asuntos incluídos na orde do día:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA.**

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. MOCION GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE TRANSFERENCIAS A EE.LL DOS RECURSOS NA PARATICACION EN INGRESOS DO ESTADO.
3. MOCION GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE EMERXENCIA CLIMATICA
4. Rogos e preguntas

**1.-APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR.**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A voceira do grupo municipal do PP Dna. Sandra Vilela comeza dicindo que non vai aprobar a acta, xa que non se recolle a súa pregunta de que a persoa que estaba gravando se estaba alterando a orde pública e a súa observación de que quería que o pleno fose gravado.

Polo tanto ao non recoller estas cuestións que creo que son importante imos votar en contra da súa aprobación.

A acta da sesión anterior queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal do PSOE (6) e BNG (1), e en contra do grupo Municipal do PP (3).

**2.-MOCION GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE TRANSFERENCIAS A EE.LL DOS RECURSOS NA PARATICIPACION EN INGRESOS DO ESTADO.**

A voceira do grupo municipal do PP, Dna. Sandra Vilela explica brevemente o contido da Moción, manifestando: " É un tema que se falou moito en prensa, tele, etc, e que prexudica aos EELL. O que se lle pide ao Goberno é que fagan as transferencias que lle corresponden aos concellos. O Goberno está utilizando o mesmo motivo que utiliza para as CC.AA para bloquear os cartos dos entes locais. Polo tanto o que pedimos é que o Goberno do Estado pague aos entes locais para que os concellos soporten os incrementos das retribucións do persoal".

A continuación intervén o voceiro do grupo municipal do BNG dicindo: " Estiven falando con Sandra e propúxenlle incluír unha emenda a esta moción, e está de acordo (a continuación lee dita emenda)

O Sr. Alcalde contesta que tería que poder analizala co seu grupo e propoñe presentala como unha moción nunha vindeira sesión plenaria.

A voceira do grupo municipal do PP Dna. Sandra Vilela contesta: Quero que esta moción que presentamos se vote hoxe neste pleno.

Sometida a moción a votación é rexeitada polos votos en contra do grupo municipal do PSOE (6) e BNG(1), e a favor do grupo municipal do PP (3).

**3.-MOCION GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE EMERXENCIA CLIMATICA**

O voceiro do grupo municipal do BNG Carlos Fernández Concheiro explica brevemente o contido da Moción manifestando: "É un tema do que se esta a falar moito e todos temos que estar sensibilizados co cambio climático.



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Dna Sandra Vilela manifesta que xa falou con Carlos sobre engadir unha enmenda a esta moción se é posible, que lee a continuación.

O Sr. Alcalde manifesta que está de acordo coa moción presentada polo BNG tanto no punto 1º e 2º punto da moción, pero sería necesario poder analizar mellor o punto terceiro como se fai noutros concellos, para poder incluír a partida necesaria ou poder consensualo nunha mesa de traballo para máis tarde.

O voceiro do grupo municipal do BNG comenta que son intencións moi importantes e que si están funcionando noutros concellos tamén pode funcionar neste.

Sometida a moción a votación o Pleno, por unanimidade dos membros presentes acorda:

- 1.-Apoiar a mobilización mundial na defensa do clima do 27 de setembro.
- 2.-Adherirse ao "Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía", unha iniciativa da U.E da que forma parte xa 136 concellos galegos e máis de 7.000 en toda a unión.
- 3.-Contemplar nos próximos orzamentos municipais unha partida destinada a subvencionar os gastos de limpeza e repoboación con especies autóctonas das franxas de protección contra incendios forestais, actuación encamiñada a minguar a pegada ecolóxica do noso concello e ao mesmo tempo, reducir o risco da veciñanza no caso de limes graves creando sebes protectoras de especies caducifolias.

Segundo o establecido no ROF, non se presentan mocións de urxencia.

#### **4.-ROGOS E PREGUNTAS**

A continuación toma a palabra a voceira do grupo municipal do PP Dna. Sandra Vilela :

-”Rogo se poña unha sinal vertical para indicar que non hai saída en Figueiroa, xa que protestan os veciños polos coches porque entran ao lugar e despois non son capaces de dar volta porque o espazo é bastante reducido.

-Fixemos unha petición na lexislatura pasada en un pleno ordinario e presentamos un escrito por rexistro fai días polos problemas que teñen os veciños pola auga en Bardullas, xa que lles sae a auga turbia. Comprobamos que o depósito de auga está totalmente abandonado. Xa o trouxemos



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

a pleno pero ninguén o foi a solucionar. É un depósito que ten 15 anos.

Segue Dna. Sandra Viela dicindo: Presentamos un escrito no rexistro solicitando unhas demandas sobre todo na praia de Nemiña. A máis importante é unha pista que vai dende o Saboril para arriba, xa que non se pode pasar. Chamaronnos os veciños e creo que non custa tanto, e queremos saber se se vai a facer algo.

-Gustaríame saber sobre as prazas de servizos múltiples que saíron no concello. Hai unha carencia de limpeza no concello. Hai que ter limpas as aldeas e os núcleos xa que despois veñen os problemas.

As asociacións (palilleiras, anpas, etc), teñen problemas para utilizar a escola de Os Muíños polo mal estado no que se atopa. Esperamos que faga algunha actuación nesa escola.

Teño unha pregunta con respecto á utilización da escola de Nemiña para poder facer os cumpleanos para nenos nela, e comentáronme que é habitual que as escolas unitarias se usen nese sentido, polo que lle rogo que se regulen os usos que se poden dar neste tipo de espazos públicos. Quero facer unha petición e é que se faga un regulamento para saber que tipo de actividades se pode facer neses lugares públicos.

Tamén se presentaron as actividades para o curso escolar 2019/2020, e parécenos importante que se faga ao inicio do curso para que así os pais podan conciliar, e o custo económico delas que se fixo aquí no día de onte para presentar estas actividades.”

A continuación intervén D. Carlos Fernández Concheiro para preguntar:

“Teño queixas de veciños en canto a contenedores de lixo polo mal olor e deben limparse máis a menudo (aumentan bares, restaurantes, etc).

As pistas deportivas de Morpequite e Vilarmide están moi descuidadas, e quero saber que actuacións se van facer con elas.

Pido que se vixie o tema da nova estrada en dirección a Leis, está cedendo o asfalto. Non sei se será un problema de construción. Debería de vixiarse e pedir responsabilidades a empresa.

Hai unha pintura vial á altura da casa de Cultura e creo que se resbala moito e que cae moita xente alí.

Por último Augas de Galicia sacou un informe e a depuradora de Muxía ten moi mal funcionamento. ¿Vaise tomar algunha medida sobre isto?. Vaise dedicar algunha inversión a ese financiamento?.”

A continuación intervén o Sr. Alcalde respondendo primeiro ás preguntas do voceiro do BNG :

-Na depuradora estiveron os técnicos de Augas de Galicia aos cales acompañei na visita, e



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

deron unhas recomendacións. Xa din orden de que se levaran a cabo.

-Respecto á pintura vial sei que houbo unha caída dunha veciña, avisei á policía local para ver que tipo de pintura era. Xa mandei que se repintara esa zona. Manifesta o Sr. Alcalde que se reuniu coa afectada e está en contacto con ela.

-A estrada de Leis non debía de estar cedendo. Recollo o que me di e vou estar atento para solucionalo.

-Sobre as pistas deportivas teño un plan para elo. Imos arranxalas, adaptalas e darlle o uso oportuno.

-Respecto aos contenedores existe unha masificación en pleno agosto sobre todo. Quero rediseñar as recollidas de lixo e o da limpeza. Espero que sexa efectiva para o próximo verán. Estamos traballando para poder levalo a cabo.

A continuación e dirixíndose aos rogos e preguntas formuladas pola voceira do grupo municipal do PP, o Sr. Alcalde responde:

-O veciños de Figueiroa xa viñeron a falar comigo. Mandei facer un estudo a policía local e xa encargamos as sinais.

-Respecto a auga de Bardullas ven un veciño a falar-me do problema e dixéronme que era puntual.

-No tema de Nemiña vostedes presentaron un escrito hai semanas. En canto se poda segundo as prioridades farase, xa que é un enclave moi importante para este Concello.

-Sacamos moitas prazas de servizos múltiples . En canto o persoal empece a traballar a limpeza vai cambiar, porque para ese fin se crearon as prazas.

Sobre as actividades extraescolares foron presentadas cando consideramos que as tiñamos que presentar . Non sei canto custou a presentación de onte, tería que miralo. Aproveitamos o trípode e uns paneis que os reutilizamos e imprimimos na impresora do Concello. Chamamos a Voz de Galicia e mandamos uns correos aos medios de comunicación enviando a lista de actividades como se fai habitualmente. É todo o que fixemos. Non sabería dicir-llo, tería que miralo, non sei 2 € ou 2,5€ (gastos de tofocopiadora).

Respecto ao uso das escolas unitarias nunca houbo ningún problema ao respecto, pero se vostede considera que hai que regulalo porque non se este de acordo cos usos faremos entre os grupos unhas propostas. Se existen dificultades regularemos.

O tema da escola unitaria de Os Muíños comprobamos que o recinto ten falta de melloras e imos facer actuacións concretas e puntuais de maneira urxente nese colexio e así poder facer as actividades para despois facer unha obra integral.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Ás 21:26 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 2 de outubro de 2019

A secretaria/acctal: M. Carmen Barcia O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña Fernández

FIRMA: 16/10/2019 08:59:00

FECHA: 16/10/2019 08:58:00, María del Carmen Barcia Fernández

FECHA: 16/10/2019 08:58:00

FIRMA: 16/10/2019 08:58:00

Versión imprimible

CVD: YvAD9pF9q57Ifpx/uwlv  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.